

CONCELLO DA LARACHA

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 30 DE DECEMBRO
DO ANO DOUS MIL QUINCE**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e trinta e seis minutos do d3a 30 de decembro do ano dous mil quince, baixo a Presidencia do sr. alcalde, Jos3 Manuel L3pez Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, re3nese o Pleno da Corporaci3n para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n extraordinaria convocada para este d3a.

PRESIDENTE

JOS3 MANUEL L3PEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo pol3tico municipal P.P.

JOS3 RAM3N MART3NEZ BARBEITO

JES3S SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOS3 ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MAR3A DEL ROC3O L3PEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOL3N

ANA BEL3N RODR3GUEZ VILAS

Grupo pol3tico municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MU3NIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora accidental da Corporación, Sonia Corral Corral.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando *aprobada* por *unanimidade dos membros presentes*.

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2015.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de

Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2015, na que se deu conta do expediente formado e do Informe de Intervención en relación co asunto do epígrafe.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que o orzamento supón un 12% máis que o ano anterior, maioritariamente en servizos e mantementos e así, en bens correntes 3 millóns setecentos mil euros, en persoal 1 millón setecentos mil euros e investimentos 1 millón oitocentos mil euros, pero non incrementan as becas que seguen a ser 55000 euros que lle parecen un pouco irrisorias, sen aumentar noutras cousas que lle importan á xente, motivos polos que votará en contra.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, procede a analizar os ingresos sinalando que aumentan lixeiramente polo IBI urbano en 190000 euros, motivado polas revisións catastrais, e continúa referíndose ás transferencias correntes que ao seu parecer amosan un ano máis a dependencia do concello doutras administracións, xa que supoñen un 39,55% dos ingresos, deducindo o sr. Verdía García que as previsións de ingresos son exactamente iso, previsións, polo que se non se materializan haberá que reducir os gastos.

En relación aos gastos o sr. Verdía García refírese en primeiro lugar aos gastos en enerxía eléctrica que soben a 414000 euros, preguntando o motivo dese aumento tan importante. Continúa referíndose aos gastos extraxudiciais que supoñen un 17% do capítulo II, motivados polas contratacións menores de obras, facturas pendentes de rexistrar, aumentando 200000 euros respecto do ano anterior, o que lle semella alarmante.

Remata o sr. Verdía García referíndose ao capítulo VI relativo aos investimentos reais aos que se dedican 1800000 euros, dos que 900000 se destinan a melloras de capa de rodadura e prazas, deixando de lado políticas industriais e comerciais, do mesmo xeito que xa fixeron en 2015, cando o orzamento, ao seu xuízo debería ser para as persoas e non para as estradas, motivos todos eles que farán que o seu grupo político municipal vote en contra.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, sinala que o orzamento debe definirse como continuísta no peor sentido da palabra, carente de iniciativas que veñen agardando para dinamizar o comercio, o sector industrial, etc..., como o viveiro de empresas, para que o Parque Empresarial non sexa un campo de toxos ou campo da festa. Continúa dicindo que neste mandato creouse unha concellería de promoción económica pero non se contempla dotación orzamentaria para darlle contido.

En relación cos gastos correntes critica que a cantidade destinada a gastos extraxudiciais é demasiado elevada, o que debería impedir ao goberno municipal presumir de bos xestores.

No que se refire aos investimentos manifesta que haberá que agardar a ver cantos executan en realidade como sucedeu neste 2015.

Avanza o sr. Sande Muñiz que o seu grupo político municipal votará en contra porque non dá impulso á vida económica do concello, porque mantén o maior número de dedicacións exclusivas da Costa da Morte que inclúe unha persoa con soldo ao servizo do grupo de goberno que desenvolve funcións que debería desenvolver o persoal do concello.

En relación cos ingresos ao sr. Sande parécelle pouco crible a recadación do IBI, concluíndo que aínda que poderían subir os ingresos polo aumento das aportacións doutras Administracións Públicas non cre que sexa polo IBI.

O sr. alcalde manifesta en primeiro lugar o seu agradecemento e felicitación ao persoal encargado da elaboración do expediente, especialmente á interventora accidental, Sonia Corral.

O sr. alcalde comeza a explicación do orzamento dicindo que é un momento histórico ao traer ao Pleno o orzamento máis alto e con débeda cero, polo que é un orgullo. Manifesta a continuación que o aumento de previsión non é por unha revisión do IBI senón por altas novas no padrón do imposto. Continúa sinalando en relación cos tributos que o IBI que fixa o

concello da Laracha é o mínimo que marca a Lei estatal, mantendo a súa liña de non cargar aos veciños con máis tributos.

Continúa o sr. alcalde explicando o desequilibrio entre ingresos e gastos, motivado polo teito de gasto, que non permite gastar todo o que se prevé ingresar.

Explica o sr. alcalde en relación co capítulo I de gastos, que supón o 23,27% do orzamento de gastos e, que se a normativa vixente permitira máis persoal, incorporaríase, pero non é posible, así que prevén o pago do 50% da paga extraordinaria de 2012 que resta por pagar ao persoal, incorporar dúas persoas nun proxecto de adaptación á administración electrónica e a incorporación de tres auxiliares da policía local para un período de 6 meses, que é o máximo legal e o que se fixo neste ano, explicando que prevían aumentar policía para ir aproximándose á ratio de policía locais por habitante recomendada, pero non é posible legalmente máis que a reposición dun efectivo que deixou o servizo activo. Remata o sr. alcalde en relación con este capítulo de gastos dicindo que o concello da Laracha ten a ratio de persoal por habitante máis baixa dos concellos de máis de 10000 habitantes, aínda que é certo que determinados servizos están externalizados.

En relación co capítulo II de gastos correntes, manifesta que supón o 49,98% do orzamento de gastos, sinalando que ten, certamente, moito peso no orzamento, lembrando que moitos investimentos convértese en mantementos do capítulo II nos exercizos seguintes, así como tamén inclúe gastos por 161000 euros en infraestruturas e bens naturais que inclúe os desbroces das beiravías, indicando que se limparon 550 quilómetros en 2015.

En canto ao aumento de gasto en enerxía eléctrica explica o sr. alcalde que son varias partidas de consumo de enerxía as que inclúe, tanto de alumeadado público como de edificios e instalacións, mesmo culturais e deportivas, como a piscina, os campos de fútbol, polideportivos e pistas de pádel, polo que agarda obter axudas para levar a cabo investimentos de aforro enerxético mediante a instalación de caldeiras de biomasa para o que xa están redactados os proxectos técnicos.

En relación aos gastos extraxudiciais explica o sr. alcalde que a maioría son facturas de final de exercicio que entrarían con cargo ao exercicio actual si as presentaran no rexistro de facturas no día de hoxe, pois do contrario, ao presentalas no mes de xaneiro teñen que ir a extraxudicial, polo que non ten nada que ver con que non haxa crédito.

Polo que se refire as obras non executadas no 2015, sinala o sr. alcalde que unicamente quedou sen contratar a estrada de Areosa a O Pazo, que estaba contemplada no capítulo VI, porque ía con cargo ao remanente e non ía ser posible rematala antes de final de ano.

Continúa o sr. alcalde explicando que o capítulo II de gastos inclúe apartados moi importantes como:

- o tratamento de residuos sólidos, que inclúe o punto limpo, a limpeza viaria e a recollida, tratamento e transporte de residuos, manifestando que está a funcionar ben o punto limpo e a recollida selectiva, grazas tanto aos veciños que colaboran como á empresa que xestiona o servizo, ASPABER.
- Estudos e traballos técnicos aos que se destinan 463000 euros incluíndo gastos de funcionamento e conservación en todo o concello, como zonas verdes, sen que estean incluídos no contrato 40000 m² en Caión, 90000 m² no Parque Empresarial ou a zona verde de Lemaio recentemente rematada, e mesmo o servizo de axuda no fogar.

Anuncia tamén o sr. alcalde que neste exercicio 2016 deben licitarse o contrato de abastecemento e saneamento de auga, o alumeado público e a recollida de residuos sólidos urbanos, con repercusión neste capítulo.

Remata a explicación do capítulo II de gastos indicando que aumenta un 9,96 % respecto do ano anterior.

En relación co capítulo III de gastos, explica que a previsión é débeda cero e xuros cero, sinalando que a media do período de pago a provedores está en 8, 10 ou 12 días, moi lonxe do límite legal.

En relación ao capítulo IV de gastos indica o sr. alcalde que faise un esforzo importante dentro do apartado de apoio ao asociacionismo, entidades deportivas, culturais, becas e festas patronais, sinalando en canto ao manifestado polo grupo político municipal Mixto, que 55000 euros en becas está moi lonxe de concellos con dúas ou tres veces máis poboación. En relación coas axudas a festas, explica que ademais das axudas a comisións de festas vanse impulsar as festas declaradas de interese turístico, os Miragres de Caión e as Cereixas de Paiosaco. Remata o sr. alcalde explicando que neste capítulo inclúese a aportación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que baixa uns 35000 euros, a subvención á Fundación Amigos de Galicia en atención á cantidade de alimentos que están a repartir neste concello, a axuda a Confraría de Pescadores de Caión para o funcionamento do arquivo da pesca de Caión e os gastos de emerxencia social, aumentando esta última aplicación orzamentaria a 25000 euros, engadindo o sr. alcalde que, si esta partida é necesario suplementala, farase, porque ningunha familia, cos correspondentes informes dos servizos sociais, deixará de pagar os gastos relativos ás necesidades básicas como o aluguer ou recibos de luz e auga.

En canto ao capítulo VI, investimentos, manifesta que supón o 23,59 % do orzamento de gastos, cunha previsión de 1821000 euros. Explica que inclúe dous plans provinciais, o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (POS) e o Plan de Acción Social (PAS) destinados a infraestruturas viarias xa que A Laracha ten 311 núcleos de poboación e pretenden darlle a todos os veciños as mellores condicións de vida de xeito que ata o núcleo máis alonxado da Casa Consistorial teña boas vías de comunicación e hai 600 quilómetros. Engade o sr. alcalde que plantexará á Deputación a necesidade de facer un esforzo neste mandato e acometer a mellora da DP 1913 entre Laracha e a canteira de Soandres porque aumentou moito o tráfico de cara á A6, ao aeroporto e A Coruña.

En relación co urbanismo fai alusión o sr. alcalde ao Plan Especial de Equipamentos Educativos sinalando que o que procede agora é a adquisición de terreos e a continuación ir acometendo as obras de urbanización, previndo un gasto de 340000 euros para a adquisición de terreos e nunha seguinte fase enlazar a 1ª travesía de López Astray co cruce da rúa Manuel

Fraga Iribarne, a construción de instalacións deportivas ao aire libre no IES e adquisición de terreos para a obra na estrada da Escola de Areosa ao Pereiro.

Explica tamén o sr. alcalde que se acometerán obras na praza do concello e na de Eduardo Vila Fano para o que se conta cun convenio nominativo coa Deputación e, en relación co patrimonio histórico preveuse a compra de terreo para o menhir de Erboedo e o castro de Montesclaros, preguntando que outro concello fai esta aposta por protexer e conservar o seu patrimonio histórico, xa que son 87000 euros, explicando que trala adquisición dos terreos procederán a posta en valor deses elementos históricos mediante un convenio coa Xunta e a Universidade, de xeito que non só falan de estradas.

Continúa o sr. alcalde referíndose ás instalacións deportivas cunha previsión de melloras na piscina e pavillóns de 50000 euros, e deixando unha partida aberta de 25000 euros en centros escolares para cubrir posibles convenios de colaboración coa Xunta para a súa mellora.

Sinala tamén o sr. alcalde que nestes momentos tamén están a traballar: nun programa de Fondos Europeos para o aforro enerxético que permite implicarse coas empresas prestadoras do servizo ou ben facer o investimento con eses fondos e aferrar directamente e antes, e en materia de comercio sinala que colabórase coa asociación local mediante unha axuda directa e colaborando na súa programación (Feira de Oportunidades, campaña de Nadal) e co establecemento da zona azul, anunciando que se teñen novas iniciativas o concello estará aí co seu respaldo porque o comercio local beneficia a todos os veciños.

En relación coa materia de emprego o sr. alcalde explica que o concello non pode ir a un plan de emprego porque existen limitacións competencias pero o que si pode é acollerse ás distintas convocatorias que van xurdindo como o obradoiro de emprego para xoves de 18 a 25 anos que está en funcionamento e sinala que se solicitarán todas as convocatorias que xa saíron: plan integrado de emprego, a de beneficiarios de RISGA, dúas modalidades de Obradoiros de Emprego, orientador laboral, unha aplicación informática para xestionar a oferta e demanda de emprego ou os cursos de formación AFD, que noutros anos tivo bos

resultados de inserción laboral, sobre todo o socio-sanitario.

Explica o sr. alcalde finalmente en canto aos investimentos que tamén se contará co Fondo de Compensación Ambiental da Consellería de Presidencia, cun novo PEIM da Consellería de Medio Rural, cun investimento da Deputación de 305000 euros na travesía de Xermaña no Plan de Travesías e 311000 euros no novo PAI 2016, sen prexuízo doutros programas de investimento da Deputación nas áreas de cultura, deportes e promoción económica.

Remata a súa intervención o sr. alcalde referíndose aos servizos sociais, afirmando que representan un pilar importantísimo no orzamento con máis de 800000 euros, explicando que nos últimos anos melloraron moito as instalacións coa Escola Infantil e o Centro de Día dos que o concello asume un terzo dos gastos, destacando o labor do Centro de Información á Muller e concluíndo que poden sentirse orgullosos e ledos pola situación económica do concello.

O sr. Verdía García refírese en primeiro lugar ao recoñecemento extraxudicial de 637000 euros que representan o 17% do capítulo II e, en relación ao aforro enerxético pregúntase onde está cando aumenta o gasto en 200000 euros.

Continúa o sr. Verdía García falando da emerxencia social, achacando ao sr. alcalde que tivo aí o PAS 2015 e dedicouno coma sempre a estradas. Achaca tamén ao goberno a ausencia de política industrial para o que poderían tentar captar empresas estranxeiras a través das embaixadas, porque hai máis de 10000 habitantes con necesidades, hai empresas e hai autónomos.

En relación cos investimentos afirma que hai que concentrar as instalacións, preguntándose canto custan dez pavillóns.

O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que “alucina coa súa exposición” que non dá crédito, porque as novas instalacións efectivamente haberá que ver onde se poñen pero que as

existentes non as van tirar. O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que hai que coñecer o concello. En relación co Polígono, pregúntalle que quere dicir co das embaixadas e engade que as medidas do concello para asentar empresas están adoptadas, que é establecer a máxima bonificación, e a partir de aí pelexar coas entidades que xestionan o polígono para que baixen o prezo das parcelas, e para iso tivo varias reunións coa SEA e co SEPES en Madrid e na Xunta, xa que a Xunta adoptou abaratar os solos empresariais de XESTUR nun 50% ou ben constituír dereitos reais de superficie, mentres que aquí logrouse un abaratamento do 25% e tamén proponse a posibilidade do dereito real de superficie. Engade o sr. alcalde que están en reunións con empresas importantes pero depende delas e que queren o primeiro estabilidade política, polo que haberá que ver se todos están á altura das circunstancias, preguntando finalmente ao sr. Verdía García que é o que fan nos concellos nos que gobernan.

O sr. Verdía García contesta que ten de exemplo Cerceda e As Pontes.

O sr. alcalde rebate que Cerceda e As Pontes beneficiáanse de axudas directas do Plan Miner con axudas do Ministerio e da Xunta, e axudas directas ás empresas para asentarse nesas zonas, mentres que os demais concellos reciben algunha axuda do Plan Miner pero non directamente para a actividade industrial.

En relación co paro xuvenil o sr. alcalde convida ao sr. Verdía García a ler a *Ley de Bases del Régimen Local* e ver cales son as competencias municipais, engadindo que o concello acóllese a todo tipo de convocatorias e cursos e que xa falou dos Obradoiros, dos cursos AFD, etc...pero insiste en que non hai máis competencias, e que o seu goberno non fai nada en contra dos informes de intervención e xurídicos.

O sr. Verdía García amósalle un Plan feito en Arteixo con Fondos Europeos, fondos FEDER, para concellos de máis de 5000 habitantes.

O sr. alcalde insiste en que a cantas iniciativas haxa non teñan dúbida de que o goberno municipal apoiará.

O sr. Sande Muñíz, di que levan catro anos insistindo en darlle utilidade aos terreos municipais para facer un viveiro de empresas, ao que o sr. alcalde contesta que xa presentaron a súa intención de ceder terreos para viveiro de empresas, construindo naves repartidas en pequenas dependencias para que pequenos emprendedores comecen a súa actividade e xa o comentaron aquí no Pleno, pero o concello non ten capacidade para investir tres ou catro millóns de euros. Engade que hai un viveiro de empresas comarcal en Bertoa que oferta a Cámara de Comercio, pero pregúntase se está a funcionar.

O sr. Sande Muñíz achácalle ao sr. alcalde que fala da normativa que non permite incorporar máis persoal, estando no caso da policía moi por debaixo da ratio recomendada, máis nas dedicacións exclusivas está ao límite. Recrimínalle ao sr. alcalde que a normativa é do Partido Popular, do seu partido, que non permite contratar porque pretende externalizar para beneficiar ás grandes empresas. Refírese tamén o sr. Sande que o alcalde falou de solicitar á Deputación un investimento para a mellora da estrada provincial que vai a Soandres, sendo a última que se fixo no goberno anterior ao PP na Deputación, igual que a da Silva, amosando a súa lelicia de que vaian solicitar a ampliación, quedando claro que aos veciños da Laracha convenlles que non governe o PP na Deputación pois vaise recibir case un millón de euros entre o POS, o PAS e as dúas prazas, acordándolle agora ao goberno municipal solicitar á Deputación a ampliación da estrada, agora que non goberna o PP na Deputación.

O sr. alcalde di que hai normativa que nos regula coa que podemos estar a favor ou en contra, explicando que a *Ley de Bases del Régimen Local* regula o persoal de gabinete por poboación e establece un límite de salario, e este concello cumpre esa normativa. Remata dicindo que ese persoal fai un traballo impresionante e imprescindible tratando temas non só de labor política senón tamén de servizo directo aos cidadáns e, en canto aos concelleiros con dedicación exclusiva di que os veciños valoran nas urnas favorablemente o traballo deste goberno.

Visto o informe da interventora accidental, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, ***por doce (12) votos a favor correspondentes aos***

concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) en contra dos correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aproba-lo límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello da Laracha para o exercicio 2016 por un importe de 6.424.900,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal Único para o exercicio económico 2016, xunto coas súas Bases de Execución e demais documentos obrantes no expediente co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.774.005,75
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.768.291,43
3	Gastos financeiros	-----
4	Transferencias correntes	356.900,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.821.227,49
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL GASTOS		7720424,67

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	2.282.000,00
2	Impostos indirectos	75.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.460.550,00
4	Transferencias correntes	3.215.020,64
5	Ingresos patrimoniais	10.500,00
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	858.270,11
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL INGRESOS		7901340,75

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Expoñer ao público o Orzamento Municipal para o ano 2016, Bases de Execución e Cadro de Persoal aprobados e o límite de gasto non financeiro, polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Remata o sr. alcalde desexando feliz ano 2016 a toda a Corporación, ao público e prensa asistente á sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e prace

O alcalde

José Manuel López Varela

O secretario

Miguel Iglesias Martínez

CONCELLO DA LARACHA

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 30 DE DECEMBRO
DO ANO DOUS MIL QUINCE**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e trinta e seis minutos do d3a 30 de decembro do ano dous mil quince, baixo a Presidencia do sr. alcalde, Jos3 Manuel L3pez Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, re3nese o Pleno da Corporaci3n para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n extraordinaria convocada para este d3a.

PRESIDENTE

JOS3 MANUEL L3PEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo pol3tico municipal P.P.

JOS3 RAM3N MART3NEZ BARBEITO

JES3S SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOS3 ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MAR3A DEL ROC3O L3PEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOL3N

ANA BEL3N RODR3GUEZ VILAS

Grupo pol3tico municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MU3NIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora accidental da Corporación, Sonia Corral Corral.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando *aprobada* por *unanimidade dos membros presentes*.

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2015.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de

Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2015, na que se deu conta do expediente formado e do Informe de Intervención en relación co asunto do epígrafe.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que o orzamento supón un 12% máis que o ano anterior, maioritariamente en servizos e mantementos e así, en bens correntes 3 millóns setecentos mil euros, en persoal 1 millón setecentos mil euros e investimentos 1 millón oitocentos mil euros, pero non incrementan as becas que seguen a ser 55000 euros que lle parecen un pouco irrisorias, sen aumentar noutras cousas que lle importan á xente, motivos polos que votará en contra.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, procede a analizar os ingresos sinalando que aumentan lixeiramente polo IBI urbano en 190000 euros, motivado polas revisións catastrais, e continúa referíndose ás transferencias correntes que ao seu parecer amosan un ano máis a dependencia do concello doutras administracións, xa que supoñen un 39,55% dos ingresos, deducindo o sr. Verdía García que as previsións de ingresos son exactamente iso, previsións, polo que se non se materializan haberá que reducir os gastos.

En relación aos gastos o sr. Verdía García refírese en primeiro lugar aos gastos en enerxía eléctrica que soben a 414000 euros, preguntando o motivo dese aumento tan importante. Continúa referíndose aos gastos extraxudiciais que supoñen un 17% do capítulo II, motivados polas contratacións menores de obras, facturas pendentes de rexistrar, aumentando 200000 euros respecto do ano anterior, o que lle semella alarmante.

Remata o sr. Verdía García referíndose ao capítulo VI relativo aos investimentos reais aos que se dedican 1800000 euros, dos que 900000 se destinan a melloras de capa de rodadura e prazas, deixando de lado políticas industriais e comerciais, do mesmo xeito que xa fixeron en 2015, cando o orzamento, ao seu xuízo debería ser para as persoas e non para as estradas, motivos todos eles que farán que o seu grupo político municipal vote en contra.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, sinala que o orzamento debe definirse como continuísta no peor sentido da palabra, carente de iniciativas que veñen agardando para dinamizar o comercio, o sector industrial, etc..., como o viveiro de empresas, para que o Parque Empresarial non sexa un campo de toxos ou campo da festa. Continúa dicindo que neste mandato creouse unha concellería de promoción económica pero non se contempla dotación orzamentaria para darlle contido.

En relación cos gastos correntes critica que a cantidade destinada a gastos extraxudiciais é demasiado elevada, o que debería impedir ao goberno municipal presumir de bos xestores.

No que se refire aos investimentos manifesta que haberá que agardar a ver cantos executan en realidade como sucedeu neste 2015.

Avanza o sr. Sande Muñiz que o seu grupo político municipal votará en contra porque non dá impulso á vida económica do concello, porque mantén o maior número de dedicacións exclusivas da Costa da Morte que inclúe unha persoa con soldo ao servizo do grupo de goberno que desenvolve funcións que debería desenvolver o persoal do concello.

En relación cos ingresos ao sr. Sande parécelle pouco crible a recadación do IBI, concluíndo que aínda que poderían subir os ingresos polo aumento das aportacións doutras Administracións Públicas non cre que sexa polo IBI.

O sr. alcalde manifesta en primeiro lugar o seu agradecemento e felicitación ao persoal encargado da elaboración do expediente, especialmente á interventora accidental, Sonia Corral.

O sr. alcalde comeza a explicación do orzamento dicindo que é un momento histórico ao traer ao Pleno o orzamento máis alto e con débeda cero, polo que é un orgullo. Manifesta a continuación que o aumento de previsión non é por unha revisión do IBI senón por altas novas no padrón do imposto. Continúa sinalando en relación cos tributos que o IBI que fixa o

concello da Laracha é o mínimo que marca a Lei estatal, mantendo a súa liña de non cargar aos veciños con máis tributos.

Continúa o sr. alcalde explicando o desequilibrio entre ingresos e gastos, motivado polo teito de gasto, que non permite gastar todo o que se prevé ingresar.

Explica o sr. alcalde en relación co capítulo I de gastos, que supón o 23,27% do orzamento de gastos e, que se a normativa vixente permitira máis persoal, incorporaríase, pero non é posible, así que prevén o pago do 50% da paga extraordinaria de 2012 que resta por pagar ao persoal, incorporar dúas persoas nun proxecto de adaptación á administración electrónica e a incorporación de tres auxiliares da policía local para un período de 6 meses, que é o máximo legal e o que se fixo neste ano, explicando que prevían aumentar policía para ir aproximándose á ratio de policía locais por habitante recomendada, pero non é posible legalmente máis que a reposición dun efectivo que deixou o servizo activo. Remata o sr. alcalde en relación con este capítulo de gastos dicindo que o concello da Laracha ten a ratio de persoal por habitante máis baixa dos concellos de máis de 10000 habitantes, aínda que é certo que determinados servizos están externalizados.

En relación co capítulo II de gastos correntes, manifesta que supón o 49,98% do orzamento de gastos, sinalando que ten, certamente, moito peso no orzamento, lembrando que moitos investimentos convértese en mantementos do capítulo II nos exercizos seguintes, así como tamén inclúe gastos por 161000 euros en infraestruturas e bens naturais que inclúe os desbroces das beiravías, indicando que se limparon 550 quilómetros en 2015.

En canto ao aumento de gasto en enerxía eléctrica explica o sr. alcalde que son varias partidas de consumo de enerxía as que inclúe, tanto de alumeadado público como de edificios e instalacións, mesmo culturais e deportivas, como a piscina, os campos de fútbol, polideportivos e pistas de pádel, polo que agarda obter axudas para levar a cabo investimentos de aforro enerxético mediante a instalación de caldeiras de biomasa para o que xa están redactados os proxectos técnicos.

En relación aos gastos extraxudiciais explica o sr. alcalde que a maioría son facturas de final de exercicio que entrarían con cargo ao exercicio actual si as presentaran no rexistro de facturas no día de hoxe, pois do contrario, ao presentalas no mes de xaneiro teñen que ir a extraxudicial, polo que non ten nada que ver con que non haxa crédito.

Polo que se refire as obras non executadas no 2015, sinala o sr. alcalde que unicamente quedou sen contratar a estrada de Areosa a O Pazo, que estaba contemplada no capítulo VI, porque ía con cargo ao remanente e non ía ser posible rematala antes de final de ano.

Continúa o sr. alcalde explicando que o capítulo II de gastos inclúe apartados moi importantes como:

- o tratamento de residuos sólidos, que inclúe o punto limpo, a limpeza viaria e a recollida, tratamento e transporte de residuos, manifestando que está a funcionar ben o punto limpo e a recollida selectiva, grazas tanto aos veciños que colaboran como á empresa que xestiona o servizo, ASPABER.
- Estudos e traballos técnicos aos que se destinan 463000 euros incluíndo gastos de funcionamento e conservación en todo o concello, como zonas verdes, sen que estean incluídos no contrato 40000 m² en Caión, 90000 m² no Parque Empresarial ou a zona verde de Lemaio recentemente rematada, e mesmo o servizo de axuda no fogar.

Anuncia tamén o sr. alcalde que neste exercicio 2016 deben licitarse o contrato de abastecemento e saneamento de auga, o alumeado público e a recollida de residuos sólidos urbanos, con repercusión neste capítulo.

Remata a explicación do capítulo II de gastos indicando que aumenta un 9,96 % respecto do ano anterior.

En relación co capítulo III de gastos, explica que a previsión é débeda cero e xuros cero, sinalando que a media do período de pago a provedores está en 8, 10 ou 12 días, moi lonxe do límite legal.

En relación ao capítulo IV de gastos indica o sr. alcalde que faise un esforzo importante dentro do apartado de apoio ao asociacionismo, entidades deportivas, culturais, becas e festas patronais, sinalando en canto ao manifestado polo grupo político municipal Mixto, que 55000 euros en becas está moi lonxe de concellos con dúas ou tres veces máis poboación. En relación coas axudas a festas, explica que ademais das axudas a comisións de festas vanse impulsar as festas declaradas de interese turístico, os Miragres de Caión e as Cereixas de Paiosaco. Remata o sr. alcalde explicando que neste capítulo inclúese a aportación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que baixa uns 35000 euros, a subvención á Fundación Amigos de Galicia en atención á cantidade de alimentos que están a repartir neste concello, a axuda a Confraría de Pescadores de Caión para o funcionamento do arquivo da pesca de Caión e os gastos de emerxencia social, aumentando esta última aplicación orzamentaria a 25000 euros, engadindo o sr. alcalde que, si esta partida é necesario suplementala, farase, porque ningunha familia, cos correspondentes informes dos servizos sociais, deixará de pagar os gastos relativos ás necesidades básicas como o aluguer ou recibos de luz e auga.

En canto ao capítulo VI, investimentos, manifesta que supón o 23,59 % do orzamento de gastos, cunha previsión de 1821000 euros. Explica que inclúe dous plans provinciais, o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (POS) e o Plan de Acción Social (PAS) destinados a infraestruturas viarias xa que A Laracha ten 311 núcleos de poboación e pretenden darlle a todos os veciños as mellores condicións de vida de xeito que ata o núcleo máis alonxado da Casa Consistorial teña boas vías de comunicación e hai 600 quilómetros. Engade o sr. alcalde que plantexará á Deputación a necesidade de facer un esforzo neste mandato e acometer a mellora da DP 1913 entre Laracha e a canteira de Soandres porque aumentou moito o tráfico de cara á A6, ao aeroporto e A Coruña.

En relación co urbanismo fai alusión o sr. alcalde ao Plan Especial de Equipamentos Educativos sinalando que o que procede agora é a adquisición de terreos e a continuación ir acometendo as obras de urbanización, previndo un gasto de 340000 euros para a adquisición de terreos e nunha seguinte fase enlazar a 1ª travesía de López Astray co cruce da rúa Manuel

Fraga Iribarne, a construción de instalacións deportivas ao aire libre no IES e adquisición de terreos para a obra na estrada da Escola de Areosa ao Pereiro.

Explica tamén o sr. alcalde que se acometerán obras na praza do concello e na de Eduardo Vila Fano para o que se conta cun convenio nominativo coa Deputación e, en relación co patrimonio histórico preveuse a compra de terreo para o menhir de Erboedo e o castro de Montesclaros, preguntando que outro concello fai esta aposta por protexer e conservar o seu patrimonio histórico, xa que son 87000 euros, explicando que trala adquisición dos terreos procederán a posta en valor deses elementos históricos mediante un convenio coa Xunta e a Universidade, de xeito que non só falan de estradas.

Continúa o sr. alcalde referíndose ás instalacións deportivas cunha previsión de melloras na piscina e pavillóns de 50000 euros, e deixando unha partida aberta de 25000 euros en centros escolares para cubrir posibles convenios de colaboración coa Xunta para a súa mellora.

Sinala tamén o sr. alcalde que nestes momentos tamén están a traballar: nun programa de Fondos Europeos para o aforro enerxético que permite implicarse coas empresas prestadoras do servizo ou ben facer o investimento con eses fondos e aforrar directamente e antes, e en materia de comercio sinala que colabórase coa asociación local mediante unha axuda directa e colaborando na súa programación (Feira de Oportunidades, campaña de Nadal) e co establecemento da zona azul, anunciando que se teñen novas iniciativas o concello estará aí co seu respaldo porque o comercio local beneficia a todos os veciños.

En relación coa materia de emprego o sr. alcalde explica que o concello non pode ir a un plan de emprego porque existen limitacións competencias pero o que si pode é acollerse ás distintas convocatorias que van xurdindo como o obradoiro de emprego para xoves de 18 a 25 anos que está en funcionamento e sinala que se solicitarán todas as convocatorias que xa saíron: plan integrado de emprego, a de beneficiarios de RISGA, dúas modalidades de Obradoiros de Emprego, orientador laboral, unha aplicación informática para xestionar a oferta e demanda de emprego ou os cursos de formación AFD, que noutros anos tivo bos

resultados de inserción laboral, sobre todo o socio-sanitario.

Explica o sr. alcalde finalmente en canto aos investimentos que tamén se contará co Fondo de Compensación Ambiental da Consellería de Presidencia, cun novo PEIM da Consellería de Medio Rural, cun investimento da Deputación de 305000 euros na travesía de Xermaña no Plan de Travesías e 311000 euros no novo PAI 2016, sen prexuízo doutros programas de investimento da Deputación nas áreas de cultura, deportes e promoción económica.

Remata a súa intervención o sr. alcalde referíndose aos servizos sociais, afirmando que representan un pilar importantísimo no orzamento con máis de 800000 euros, explicando que nos últimos anos melloraron moito as instalacións coa Escola Infantil e o Centro de Día dos que o concello asume un terzo dos gastos, destacando o labor do Centro de Información á Muller e concluíndo que poden sentirse orgullosos e ledos pola situación económica do concello.

O sr. Verdía García refírese en primeiro lugar ao recoñecemento extraxudicial de 637000 euros que representan o 17% do capítulo II e, en relación ao aforro enerxético pregúntase onde está cando aumenta o gasto en 200000 euros.

Continúa o sr. Verdía García falando da emerxencia social, achacando ao sr. alcalde que tivo aí o PAS 2015 e dedicouno coma sempre a estradas. Achaca tamén ao goberno a ausencia de política industrial para o que poderían tentar captar empresas estranxeiras a través das embaixadas, porque hai máis de 10000 habitantes con necesidades, hai empresas e hai autónomos.

En relación cos investimentos afirma que hai que concentrar as instalacións, preguntándose canto custan dez pavillóns.

O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que “alucina coa súa exposición” que non dá crédito, porque as novas instalacións efectivamente haberá que ver onde se poñen pero que as

existentes non as van tirar. O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que hai que coñecer o concello. En relación co Polígono, pregúntalle que quere dicir co das embaixadas e engade que as medidas do concello para asentar empresas están adoptadas, que é establecer a máxima bonificación, e a partir de aí pelexar coas entidades que xestionan o polígono para que baixen o prezo das parcelas, e para iso tivo varias reunións coa SEA e co SEPES en Madrid e na Xunta, xa que a Xunta adoptou abaratar os solos empresariais de XESTUR nun 50% ou ben constituír dereitos reais de superficie, mentres que aquí logrouse un abaratamento do 25% e tamén proponse a posibilidade do dereito real de superficie. Engade o sr. alcalde que están en reunións con empresas importantes pero depende delas e que queren o primeiro estabilidade política, polo que haberá que ver se todos están á altura das circunstancias, preguntando finalmente ao sr. Verdía García que é o que fan nos concellos nos que gobernan.

O sr. Verdía García contesta que ten de exemplo Cerceda e As Pontes.

O sr. alcalde rebate que Cerceda e As Pontes beneficiáanse de axudas directas do Plan Miner con axudas do Ministerio e da Xunta, e axudas directas ás empresas para asentarse nesas zonas, mentres que os demais concellos reciben algunha axuda do Plan Miner pero non directamente para a actividade industrial.

En relación co paro xuvenil o sr. alcalde convida ao sr. Verdía García a ler a *Ley de Bases del Régimen Local* e ver cales son as competencias municipais, engadindo que o concello acóllese a todo tipo de convocatorias e cursos e que xa falou dos Obradoiros, dos cursos AFD, etc...pero insiste en que non hai máis competencias, e que o seu goberno non fai nada en contra dos informes de intervención e xurídicos.

O sr. Verdía García amósalle un Plan feito en Arteixo con Fondos Europeos, fondos FEDER, para concellos de máis de 5000 habitantes.

O sr. alcalde insiste en que a cantas iniciativas haxa non teñan dúbida de que o goberno municipal apoiará.

O sr. Sande Muñíz, di que levan catro anos insistindo en darlle utilidade aos terreos municipais para facer un viveiro de empresas, ao que o sr. alcalde contesta que xa presentaron a súa intención de ceder terreos para viveiro de empresas, construindo naves repartidas en pequenas dependencias para que pequenos emprendedores comecen a súa actividade e xa o comentaron aquí no Pleno, pero o concello non ten capacidade para investir tres ou catro millóns de euros. Engade que hai un viveiro de empresas comarcal en Bertoa que oferta a Cámara de Comercio, pero pregúntase se está a funcionar.

O sr. Sande Muñíz achácalle ao sr. alcalde que fala da normativa que non permite incorporar máis persoal, estando no caso da policía moi por debaixo da ratio recomendada, máis nas dedicacións exclusivas está ao límite. Recrimínalle ao sr. alcalde que a normativa é do Partido Popular, do seu partido, que non permite contratar porque pretende externalizar para beneficiar ás grandes empresas. Refírese tamén o sr. Sande que o alcalde falou de solicitar á Deputación un investimento para a mellora da estrada provincial que vai a Soandres, sendo a última que se fixo no goberno anterior ao PP na Deputación, igual que a da Silva, amosando a súa lelicia de que vaian solicitar a ampliación, quedando claro que aos veciños da Laracha convenlles que non governe o PP na Deputación pois vaise recibir case un millón de euros entre o POS, o PAS e as dúas prazas, acordándolle agora ao goberno municipal solicitar á Deputación a ampliación da estrada, agora que non goberna o PP na Deputación.

O sr. alcalde di que hai normativa que nos regula coa que podemos estar a favor ou en contra, explicando que a *Ley de Bases del Régimen Local* regula o persoal de gabinete por poboación e establece un límite de salario, e este concello cumpre esa normativa. Remata dicindo que ese persoal fai un traballo impresionante e imprescindible tratando temas non só de labor política senón tamén de servizo directo aos cidadáns e, en canto aos concelleiros con dedicación exclusiva di que os veciños valoran nas urnas favorablemente o traballo deste goberno.

Visto o informe da interventora accidental, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, ***por doce (12) votos a favor correspondentes aos***

concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) en contra dos correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aproba-lo límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello da Laracha para o exercicio 2016 por un importe de 6.424.900,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal Único para o exercicio económico 2016, xunto coas súas Bases de Execución e demais documentos obrantes no expediente co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.774.005,75
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.768.291,43
3	Gastos financeiros	-----
4	Transferencias correntes	356.900,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.821.227,49
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL GASTOS		7720424,67

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	2.282.000,00
2	Impostos indirectos	75.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.460.550,00
4	Transferencias correntes	3.215.020,64
5	Ingresos patrimoniais	10.500,00
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	858.270,11
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL INGRESOS		7901340,75

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Expoñer ao público o Orzamento Municipal para o ano 2016, Bases de Execución e Cadro de Persoal aprobados e o límite de gasto non financeiro, polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Remata o sr. alcalde desexando feliz ano 2016 a toda a Corporación, ao público e prensa asistente á sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e prace

O alcalde

José Manuel López Varela

O secretario

Miguel Iglesias Martínez

CONCELLO DA LARACHA

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 30 DE DECEMBRO
DO ANO DOUS MIL QUINCE**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e trinta e seis minutos do d3a 30 de decembro do ano dous mil quince, baixo a Presidencia do sr. alcalde, Jos3 Manuel L3pez Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, re3nese o Pleno da Corporaci3n para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n extraordinaria convocada para este d3a.

PRESIDENTE

JOS3 MANUEL L3PEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo pol3tico municipal P.P.

JOS3 RAM3N MART3NEZ BARBEITO

JES3S SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOS3 ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MAR3A DEL ROC3O L3PEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOL3N

ANA BEL3N RODR3GUEZ VILAS

Grupo pol3tico municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MU3NIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora accidental da Corporación, Sonia Corral Corral.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando *aprobada* por *unanimidade dos membros presentes*.

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2015.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de

Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2015, na que se deu conta do expediente formado e do Informe de Intervención en relación co asunto do epígrafe.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que o orzamento supón un 12% máis que o ano anterior, maioritariamente en servizos e mantementos e así, en bens correntes 3 millóns setecentos mil euros, en persoal 1 millón setecentos mil euros e investimentos 1 millón oitocentos mil euros, pero non incrementan as becas que seguen a ser 55000 euros que lle parecen un pouco irrisorias, sen aumentar noutras cousas que lle importan á xente, motivos polos que votará en contra.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, procede a analizar os ingresos sinalando que aumentan lixeiramente polo IBI urbano en 190000 euros, motivado polas revisións catastrais, e continúa referíndose ás transferencias correntes que ao seu parecer amosan un ano máis a dependencia do concello doutras administracións, xa que supoñen un 39,55% dos ingresos, deducindo o sr. Verdía García que as previsións de ingresos son exactamente iso, previsións, polo que se non se materializan haberá que reducir os gastos.

En relación aos gastos o sr. Verdía García refírese en primeiro lugar aos gastos en enerxía eléctrica que soben a 414000 euros, preguntando o motivo dese aumento tan importante. Continúa referíndose aos gastos extraxudiciais que supoñen un 17% do capítulo II, motivados polas contratacións menores de obras, facturas pendentes de rexistrar, aumentando 200000 euros respecto do ano anterior, o que lle semella alarmante.

Remata o sr. Verdía García referíndose ao capítulo VI relativo aos investimentos reais aos que se dedican 1800000 euros, dos que 900000 se destinan a melloras de capa de rodadura e prazas, deixando de lado políticas industriais e comerciais, do mesmo xeito que xa fixeron en 2015, cando o orzamento, ao seu xuízo debería ser para as persoas e non para as estradas, motivos todos eles que farán que o seu grupo político municipal vote en contra.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, sinala que o orzamento debe definirse como continuísta no peor sentido da palabra, carente de iniciativas que veñen agardando para dinamizar o comercio, o sector industrial, etc..., como o viveiro de empresas, para que o Parque Empresarial non sexa un campo de toxos ou campo da festa. Continúa dicindo que neste mandato creouse unha concellería de promoción económica pero non se contempla dotación orzamentaria para darlle contido.

En relación cos gastos correntes critica que a cantidade destinada a gastos extraxudiciais é demasiado elevada, o que debería impedir ao goberno municipal presumir de bos xestores.

No que se refire aos investimentos manifesta que haberá que agardar a ver cantos executan en realidade como sucedeu neste 2015.

Avanza o sr. Sande Muñiz que o seu grupo político municipal votará en contra porque non dá impulso á vida económica do concello, porque mantén o maior número de dedicacións exclusivas da Costa da Morte que inclúe unha persoa con soldo ao servizo do grupo de goberno que desenvolve funcións que debería desenvolver o persoal do concello.

En relación cos ingresos ao sr. Sande parécelle pouco crible a recadación do IBI, concluíndo que aínda que poderían subir os ingresos polo aumento das aportacións doutras Administracións Públicas non cre que sexa polo IBI.

O sr. alcalde manifesta en primeiro lugar o seu agradecemento e felicitación ao persoal encargado da elaboración do expediente, especialmente á interventora accidental, Sonia Corral.

O sr. alcalde comeza a explicación do orzamento dicindo que é un momento histórico ao traer ao Pleno o orzamento máis alto e con débeda cero, polo que é un orgullo. Manifesta a continuación que o aumento de previsión non é por unha revisión do IBI senón por altas novas no padrón do imposto. Continúa sinalando en relación cos tributos que o IBI que fixa o

concello da Laracha é o mínimo que marca a Lei estatal, mantendo a súa liña de non cargar aos veciños con máis tributos.

Continúa o sr. alcalde explicando o desequilibrio entre ingresos e gastos, motivado polo teito de gasto, que non permite gastar todo o que se prevé ingresar.

Explica o sr. alcalde en relación co capítulo I de gastos, que supón o 23,27% do orzamento de gastos e, que se a normativa vixente permitira máis persoal, incorporaríase, pero non é posible, así que prevén o pago do 50% da paga extraordinaria de 2012 que resta por pagar ao persoal, incorporar dúas persoas nun proxecto de adaptación á administración electrónica e a incorporación de tres auxiliares da policía local para un período de 6 meses, que é o máximo legal e o que se fixo neste ano, explicando que prevían aumentar policía para ir aproximándose á ratio de policía locais por habitante recomendada, pero non é posible legalmente máis que a reposición dun efectivo que deixou o servizo activo. Remata o sr. alcalde en relación con este capítulo de gastos dicindo que o concello da Laracha ten a ratio de persoal por habitante máis baixa dos concellos de máis de 10000 habitantes, aínda que é certo que determinados servizos están externalizados.

En relación co capítulo II de gastos correntes, manifesta que supón o 49,98% do orzamento de gastos, sinalando que ten, certamente, moito peso no orzamento, lembrando que moitos investimentos convértese en mantementos do capítulo II nos exercizos seguintes, así como tamén inclúe gastos por 161000 euros en infraestruturas e bens naturais que inclúe os desbroces das beiravías, indicando que se limparon 550 quilómetros en 2015.

En canto ao aumento de gasto en enerxía eléctrica explica o sr. alcalde que son varias partidas de consumo de enerxía as que inclúe, tanto de alumeadado público como de edificios e instalacións, mesmo culturais e deportivas, como a piscina, os campos de fútbol, polideportivos e pistas de pádel, polo que agarda obter axudas para levar a cabo investimentos de aforro enerxético mediante a instalación de caldeiras de biomasa para o que xa están redactados os proxectos técnicos.

En relación aos gastos extraxudiciais explica o sr. alcalde que a maioría son facturas de final de exercicio que entrarían con cargo ao exercicio actual si as presentaran no rexistro de facturas no día de hoxe, pois do contrario, ao presentalas no mes de xaneiro teñen que ir a extraxudicial, polo que non ten nada que ver con que non haxa crédito.

Polo que se refire as obras non executadas no 2015, sinala o sr. alcalde que unicamente quedou sen contratar a estrada de Areosa a O Pazo, que estaba contemplada no capítulo VI, porque ía con cargo ao remanente e non ía ser posible rematala antes de final de ano.

Continúa o sr. alcalde explicando que o capítulo II de gastos inclúe apartados moi importantes como:

- o tratamento de residuos sólidos, que inclúe o punto limpo, a limpeza viaria e a recollida, tratamento e transporte de residuos, manifestando que está a funcionar ben o punto limpo e a recollida selectiva, grazas tanto aos veciños que colaboran como á empresa que xestiona o servizo, ASPABER.
- Estudos e traballos técnicos aos que se destinan 463000 euros incluíndo gastos de funcionamento e conservación en todo o concello, como zonas verdes, sen que estean incluídos no contrato 40000 m² en Caión, 90000 m² no Parque Empresarial ou a zona verde de Lemaio recentemente rematada, e mesmo o servizo de axuda no fogar.

Anuncia tamén o sr. alcalde que neste exercicio 2016 deben licitarse o contrato de abastecemento e saneamento de auga, o alumeado público e a recollida de residuos sólidos urbanos, con repercusión neste capítulo.

Remata a explicación do capítulo II de gastos indicando que aumenta un 9,96 % respecto do ano anterior.

En relación co capítulo III de gastos, explica que a previsión é débeda cero e xuros cero, sinalando que a media do período de pago a provedores está en 8, 10 ou 12 días, moi lonxe do límite legal.

En relación ao capítulo IV de gastos indica o sr. alcalde que faise un esforzo importante dentro do apartado de apoio ao asociacionismo, entidades deportivas, culturais, becas e festas patronais, sinalando en canto ao manifestado polo grupo político municipal Mixto, que 55000 euros en becas está moi lonxe de concellos con dúas ou tres veces máis poboación. En relación coas axudas a festas, explica que ademais das axudas a comisións de festas vanse impulsar as festas declaradas de interese turístico, os Miragres de Caión e as Cereixas de Paiosaco. Remata o sr. alcalde explicando que neste capítulo inclúese a aportación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que baixa uns 35000 euros, a subvención á Fundación Amigos de Galicia en atención á cantidade de alimentos que están a repartir neste concello, a axuda a Confraría de Pescadores de Caión para o funcionamento do arquivo da pesca de Caión e os gastos de emerxencia social, aumentando esta última aplicación orzamentaria a 25000 euros, engadindo o sr. alcalde que, si esta partida é necesario suplementala, farase, porque ningunha familia, cos correspondentes informes dos servizos sociais, deixará de pagar os gastos relativos ás necesidades básicas como o aluguer ou recibos de luz e auga.

En canto ao capítulo VI, investimentos, manifesta que supón o 23,59 % do orzamento de gastos, cunha previsión de 1821000 euros. Explica que inclúe dous plans provinciais, o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (POS) e o Plan de Acción Social (PAS) destinados a infraestruturas viarias xa que A Laracha ten 311 núcleos de poboación e pretenden darlle a todos os veciños as mellores condicións de vida de xeito que ata o núcleo máis alonxado da Casa Consistorial teña boas vías de comunicación e hai 600 quilómetros. Engade o sr. alcalde que plantexará á Deputación a necesidade de facer un esforzo neste mandato e acometer a mellora da DP 1913 entre Laracha e a canteira de Soandres porque aumentou moito o tráfico de cara á A6, ao aeroporto e A Coruña.

En relación co urbanismo fai alusión o sr. alcalde ao Plan Especial de Equipamentos Educativos sinalando que o que procede agora é a adquisición de terreos e a continuación ir acometendo as obras de urbanización, previndo un gasto de 340000 euros para a adquisición de terreos e nunha seguinte fase enlazar a 1ª travesía de López Astray co cruce da rúa Manuel

Fraga Iribarne, a construción de instalacións deportivas ao aire libre no IES e adquisición de terreos para a obra na estrada da Escola de Areosa ao Pereiro.

Explica tamén o sr. alcalde que se acometerán obras na praza do concello e na de Eduardo Vila Fano para o que se conta cun convenio nominativo coa Deputación e, en relación co patrimonio histórico preveuse a compra de terreo para o menhir de Erboedo e o castro de Montesclaros, preguntando que outro concello fai esta aposta por protexer e conservar o seu patrimonio histórico, xa que son 87000 euros, explicando que trala adquisición dos terreos procederán a posta en valor deses elementos históricos mediante un convenio coa Xunta e a Universidade, de xeito que non só falan de estradas.

Continúa o sr. alcalde referíndose ás instalacións deportivas cunha previsión de melloras na piscina e pavillóns de 50000 euros, e deixando unha partida aberta de 25000 euros en centros escolares para cubrir posibles convenios de colaboración coa Xunta para a súa mellora.

Sinala tamén o sr. alcalde que nestes momentos tamén están a traballar: nun programa de Fondos Europeos para o aforro enerxético que permite implicarse coas empresas prestadoras do servizo ou ben facer o investimento con eses fondos e aforrar directamente e antes, e en materia de comercio sinala que colabórase coa asociación local mediante unha axuda directa e colaborando na súa programación (Feira de Oportunidades, campaña de Nadal) e co establecemento da zona azul, anunciando que se teñen novas iniciativas o concello estará aí co seu respaldo porque o comercio local beneficia a todos os veciños.

En relación coa materia de emprego o sr. alcalde explica que o concello non pode ir a un plan de emprego porque existen limitacións competencias pero o que si pode é acollerse ás distintas convocatorias que van xurdindo como o obradoiro de emprego para xoves de 18 a 25 anos que está en funcionamento e sinala que se solicitarán todas as convocatorias que xa saíron: plan integrado de emprego, a de beneficiarios de RISGA, dúas modalidades de Obradoiros de Emprego, orientador laboral, unha aplicación informática para xestionar a oferta e demanda de emprego ou os cursos de formación AFD, que noutros anos tivo bos

resultados de inserción laboral, sobre todo o socio-sanitario.

Explica o sr. alcalde finalmente en canto aos investimentos que tamén se contará co Fondo de Compensación Ambiental da Consellería de Presidencia, cun novo PEIM da Consellería de Medio Rural, cun investimento da Deputación de 305000 euros na travesía de Xermaña no Plan de Travesías e 311000 euros no novo PAI 2016, sen prexuízo doutros programas de investimento da Deputación nas áreas de cultura, deportes e promoción económica.

Remata a súa intervención o sr. alcalde referíndose aos servizos sociais, afirmando que representan un pilar importantísimo no orzamento con máis de 800000 euros, explicando que nos últimos anos melloraron moito as instalacións coa Escola Infantil e o Centro de Día dos que o concello asume un terzo dos gastos, destacando o labor do Centro de Información á Muller e concluíndo que poden sentirse orgullosos e ledos pola situación económica do concello.

O sr. Verdía García refírese en primeiro lugar ao recoñecemento extraxudicial de 637000 euros que representan o 17% do capítulo II e, en relación ao aforro enerxético pregúntase onde está cando aumenta o gasto en 200000 euros.

Continúa o sr. Verdía García falando da emerxencia social, achacando ao sr. alcalde que tivo aí o PAS 2015 e dedicouno coma sempre a estradas. Achaca tamén ao goberno a ausencia de política industrial para o que poderían tentar captar empresas estranxeiras a través das embaixadas, porque hai máis de 10000 habitantes con necesidades, hai empresas e hai autónomos.

En relación cos investimentos afirma que hai que concentrar as instalacións, preguntándose canto custan dez pavillóns.

O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que “alucina coa súa exposición” que non dá crédito, porque as novas instalacións efectivamente haberá que ver onde se poñen pero que as

existentes non as van tirar. O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que hai que coñecer o concello. En relación co Polígono, pregúntalle que quere dicir co das embaixadas e engade que as medidas do concello para asentar empresas están adoptadas, que é establecer a máxima bonificación, e a partir de aí pelexar coas entidades que xestionan o polígono para que baixen o prezo das parcelas, e para iso tivo varias reunións coa SEA e co SEPES en Madrid e na Xunta, xa que a Xunta adoptou abaratar os solos empresariais de XESTUR nun 50% ou ben constituír dereitos reais de superficie, mentres que aquí logrouse un abaratamento do 25% e tamén proponse a posibilidade do dereito real de superficie. Engade o sr. alcalde que están en reunións con empresas importantes pero depende delas e que queren o primeiro estabilidade política, polo que haberá que ver se todos están á altura das circunstancias, preguntando finalmente ao sr. Verdía García que é o que fan nos concellos nos que gobernan.

O sr. Verdía García contesta que ten de exemplo Cerceda e As Pontes.

O sr. alcalde rebate que Cerceda e As Pontes beneficiáanse de axudas directas do Plan Miner con axudas do Ministerio e da Xunta, e axudas directas ás empresas para asentarse nesas zonas, mentres que os demais concellos reciben algunha axuda do Plan Miner pero non directamente para a actividade industrial.

En relación co paro xuvenil o sr. alcalde convida ao sr. Verdía García a ler a *Ley de Bases del Régimen Local* e ver cales son as competencias municipais, engadindo que o concello acóllese a todo tipo de convocatorias e cursos e que xa falou dos Obradoiros, dos cursos AFD, etc...pero insiste en que non hai máis competencias, e que o seu goberno non fai nada en contra dos informes de intervención e xurídicos.

O sr. Verdía García amósalle un Plan feito en Arteixo con Fondos Europeos, fondos FEDER, para concellos de máis de 5000 habitantes.

O sr. alcalde insiste en que a cantas iniciativas haxa non teñan dúbida de que o goberno municipal apoiará.

O sr. Sande Muñíz, di que levan catro anos insistindo en darlle utilidade aos terreos municipais para facer un viveiro de empresas, ao que o sr. alcalde contesta que xa presentaron a súa intención de ceder terreos para viveiro de empresas, construindo naves repartidas en pequenas dependencias para que pequenos emprendedores comecen a súa actividade e xa o comentaron aquí no Pleno, pero o concello non ten capacidade para investir tres ou catro millóns de euros. Engade que hai un viveiro de empresas comarcal en Bertoa que oferta a Cámara de Comercio, pero pregúntase se está a funcionar.

O sr. Sande Muñíz achácalle ao sr. alcalde que fala da normativa que non permite incorporar máis persoal, estando no caso da policía moi por debaixo da ratio recomendada, máis nas dedicacións exclusivas está ao límite. Recrimínalle ao sr. alcalde que a normativa é do Partido Popular, do seu partido, que non permite contratar porque pretende externalizar para beneficiar ás grandes empresas. Refírese tamén o sr. Sande que o alcalde falou de solicitar á Deputación un investimento para a mellora da estrada provincial que vai a Soandres, sendo a última que se fixo no goberno anterior ao PP na Deputación, igual que a da Silva, amosando a súa lelicia de que vaian solicitar a ampliación, quedando claro que aos veciños da Laracha convenlles que non governe o PP na Deputación pois vaise recibir case un millón de euros entre o POS, o PAS e as dúas prazas, acordándolle agora ao goberno municipal solicitar á Deputación a ampliación da estrada, agora que non goberna o PP na Deputación.

O sr. alcalde di que hai normativa que nos regula coa que podemos estar a favor ou en contra, explicando que a *Ley de Bases del Régimen Local* regula o persoal de gabinete por poboación e establece un límite de salario, e este concello cumpre esa normativa. Remata dicindo que ese persoal fai un traballo impresionante e imprescindible tratando temas non só de labor política senón tamén de servizo directo aos cidadáns e, en canto aos concelleiros con dedicación exclusiva di que os veciños valoran nas urnas favorablemente o traballo deste goberno.

Visto o informe da interventora accidental, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, ***por doce (12) votos a favor correspondentes aos***

concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) en contra dos correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aproba-lo límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello da Laracha para o exercicio 2016 por un importe de 6.424.900,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal Único para o exercicio económico 2016, xunto coas súas Bases de Execución e demais documentos obrantes no expediente co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.774.005,75
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.768.291,43
3	Gastos financeiros	-----
4	Transferencias correntes	356.900,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.821.227,49
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL GASTOS		7720424,67

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	2.282.000,00
2	Impostos indirectos	75.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.460.550,00
4	Transferencias correntes	3.215.020,64
5	Ingresos patrimoniais	10.500,00
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	858.270,11
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL INGRESOS		7901340,75

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Expoñer ao público o Orzamento Municipal para o ano 2016, Bases de Execución e Cadro de Persoal aprobados e o límite de gasto non financeiro, polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Remata o sr. alcalde desexando feliz ano 2016 a toda a Corporación, ao público e prensa asistente á sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e prace

O alcalde

José Manuel López Varela

O secretario

Miguel Iglesias Martínez

CONCELLO DA LARACHA

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 30 DE DECEMBRO
DO ANO DOUS MIL QUINCE**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e trinta e seis minutos do d3a 30 de decembro do ano dous mil quince, baixo a Presidencia do sr. alcalde, Jos3 Manuel L3pez Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, re3nese o Pleno da Corporaci3n para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n extraordinaria convocada para este d3a.

PRESIDENTE

JOS3 MANUEL L3PEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo pol3tico municipal P.P.

JOS3 RAM3N MART3NEZ BARBEITO

JES3S SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOS3 ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MAR3A DEL ROC3O L3PEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOL3N

ANA BEL3N RODR3GUEZ VILAS

Grupo pol3tico municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MU3NIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora accidental da Corporación, Sonia Corral Corral.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando *aprobada* por *unanimidade dos membros presentes*.

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2015.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de

Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2015, na que se deu conta do expediente formado e do Informe de Intervención en relación co asunto do epígrafe.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que o orzamento supón un 12% máis que o ano anterior, maioritariamente en servizos e mantementos e así, en bens correntes 3 millóns setecentos mil euros, en persoal 1 millón setecentos mil euros e investimentos 1 millón oitocentos mil euros, pero non incrementan as becas que seguen a ser 55000 euros que lle parecen un pouco irrisorias, sen aumentar noutras cousas que lle importan á xente, motivos polos que votará en contra.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, procede a analizar os ingresos sinalando que aumentan lixeiramente polo IBI urbano en 190000 euros, motivado polas revisións catastrais, e continúa referíndose ás transferencias correntes que ao seu parecer amosan un ano máis a dependencia do concello doutras administracións, xa que supoñen un 39,55% dos ingresos, deducindo o sr. Verdía García que as previsións de ingresos son exactamente iso, previsións, polo que se non se materializan haberá que reducir os gastos.

En relación aos gastos o sr. Verdía García refírese en primeiro lugar aos gastos en enerxía eléctrica que soben a 414000 euros, preguntando o motivo dese aumento tan importante. Continúa referíndose aos gastos extraxudiciais que supoñen un 17% do capítulo II, motivados polas contratacións menores de obras, facturas pendentes de rexistrar, aumentando 200000 euros respecto do ano anterior, o que lle semella alarmante.

Remata o sr. Verdía García referíndose ao capítulo VI relativo aos investimentos reais aos que se dedican 1800000 euros, dos que 900000 se destinan a melloras de capa de rodadura e prazas, deixando de lado políticas industriais e comerciais, do mesmo xeito que xa fixeron en 2015, cando o orzamento, ao seu xuízo debería ser para as persoas e non para as estradas, motivos todos eles que farán que o seu grupo político municipal vote en contra.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, sinala que o orzamento debe definirse como continuísta no peor sentido da palabra, carente de iniciativas que veñen agardando para dinamizar o comercio, o sector industrial, etc..., como o viveiro de empresas, para que o Parque Empresarial non sexa un campo de toxos ou campo da festa. Continúa dicindo que neste mandato creouse unha concellería de promoción económica pero non se contempla dotación orzamentaria para darlle contido.

En relación cos gastos correntes critica que a cantidade destinada a gastos extraxudiciais é demasiado elevada, o que debería impedir ao goberno municipal presumir de bos xestores.

No que se refire aos investimentos manifesta que haberá que agardar a ver cantos executan en realidade como sucedeu neste 2015.

Avanza o sr. Sande Muñiz que o seu grupo político municipal votará en contra porque non dá impulso á vida económica do concello, porque mantén o maior número de dedicacións exclusivas da Costa da Morte que inclúe unha persoa con soldo ao servizo do grupo de goberno que desenvolve funcións que debería desenvolver o persoal do concello.

En relación cos ingresos ao sr. Sande parécelle pouco crible a recadación do IBI, concluíndo que aínda que poderían subir os ingresos polo aumento das aportacións doutras Administracións Públicas non cre que sexa polo IBI.

O sr. alcalde manifesta en primeiro lugar o seu agradecemento e felicitación ao persoal encargado da elaboración do expediente, especialmente á interventora accidental, Sonia Corral.

O sr. alcalde comeza a explicación do orzamento dicindo que é un momento histórico ao traer ao Pleno o orzamento máis alto e con débeda cero, polo que é un orgullo. Manifesta a continuación que o aumento de previsión non é por unha revisión do IBI senón por altas novas no padrón do imposto. Continúa sinalando en relación cos tributos que o IBI que fixa o

concello da Laracha é o mínimo que marca a Lei estatal, mantendo a súa liña de non cargar aos veciños con máis tributos.

Continúa o sr. alcalde explicando o desequilibrio entre ingresos e gastos, motivado polo teito de gasto, que non permite gastar todo o que se prevé ingresar.

Explica o sr. alcalde en relación co capítulo I de gastos, que supón o 23,27% do orzamento de gastos e, que se a normativa vixente permitira máis persoal, incorporaríase, pero non é posible, así que prevén o pago do 50% da paga extraordinaria de 2012 que resta por pagar ao persoal, incorporar dúas persoas nun proxecto de adaptación á administración electrónica e a incorporación de tres auxiliares da policía local para un período de 6 meses, que é o máximo legal e o que se fixo neste ano, explicando que prevían aumentar policía para ir aproximándose á ratio de policía locais por habitante recomendada, pero non é posible legalmente máis que a reposición dun efectivo que deixou o servizo activo. Remata o sr. alcalde en relación con este capítulo de gastos dicindo que o concello da Laracha ten a ratio de persoal por habitante máis baixa dos concellos de máis de 10000 habitantes, aínda que é certo que determinados servizos están externalizados.

En relación co capítulo II de gastos correntes, manifesta que supón o 49,98% do orzamento de gastos, sinalando que ten, certamente, moito peso no orzamento, lembrando que moitos investimentos convértese en mantementos do capítulo II nos exercizos seguintes, así como tamén inclúe gastos por 161000 euros en infraestruturas e bens naturais que inclúe os desbroces das beiravías, indicando que se limparon 550 quilómetros en 2015.

En canto ao aumento de gasto en enerxía eléctrica explica o sr. alcalde que son varias partidas de consumo de enerxía as que inclúe, tanto de alumeadado público como de edificios e instalacións, mesmo culturais e deportivas, como a piscina, os campos de fútbol, polideportivos e pistas de pádel, polo que agarda obter axudas para levar a cabo investimentos de aforro enerxético mediante a instalación de caldeiras de biomasa para o que xa están redactados os proxectos técnicos.

En relación aos gastos extraxudiciais explica o sr. alcalde que a maioría son facturas de final de exercicio que entrarían con cargo ao exercicio actual si as presentaran no rexistro de facturas no día de hoxe, pois do contrario, ao presentalas no mes de xaneiro teñen que ir a extraxudicial, polo que non ten nada que ver con que non haxa crédito.

Polo que se refire as obras non executadas no 2015, sinala o sr. alcalde que unicamente quedou sen contratar a estrada de Areosa a O Pazo, que estaba contemplada no capítulo VI, porque ía con cargo ao remanente e non ía ser posible rematala antes de final de ano.

Continúa o sr. alcalde explicando que o capítulo II de gastos inclúe apartados moi importantes como:

- o tratamento de residuos sólidos, que inclúe o punto limpo, a limpeza viaria e a recollida, tratamento e transporte de residuos, manifestando que está a funcionar ben o punto limpo e a recollida selectiva, grazas tanto aos veciños que colaboran como á empresa que xestiona o servizo, ASPABER.
- Estudos e traballos técnicos aos que se destinan 463000 euros incluíndo gastos de funcionamento e conservación en todo o concello, como zonas verdes, sen que estean incluídos no contrato 40000 m² en Caión, 90000 m² no Parque Empresarial ou a zona verde de Lemaio recentemente rematada, e mesmo o servizo de axuda no fogar.

Anuncia tamén o sr. alcalde que neste exercicio 2016 deben licitarse o contrato de abastecemento e saneamento de auga, o alumeado público e a recollida de residuos sólidos urbanos, con repercusión neste capítulo.

Remata a explicación do capítulo II de gastos indicando que aumenta un 9,96 % respecto do ano anterior.

En relación co capítulo III de gastos, explica que a previsión é débeda cero e xuros cero, sinalando que a media do período de pago a provedores está en 8, 10 ou 12 días, moi lonxe do límite legal.

En relación ao capítulo IV de gastos indica o sr. alcalde que faise un esforzo importante dentro do apartado de apoio ao asociacionismo, entidades deportivas, culturais, becas e festas patronais, sinalando en canto ao manifestado polo grupo político municipal Mixto, que 55000 euros en becas está moi lonxe de concellos con dúas ou tres veces máis poboación. En relación coas axudas a festas, explica que ademais das axudas a comisións de festas vanse impulsar as festas declaradas de interese turístico, os Miragres de Caión e as Cereixas de Paiosaco. Remata o sr. alcalde explicando que neste capítulo inclúese a aportación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que baixa uns 35000 euros, a subvención á Fundación Amigos de Galicia en atención á cantidade de alimentos que están a repartir neste concello, a axuda a Confraría de Pescadores de Caión para o funcionamento do arquivo da pesca de Caión e os gastos de emerxencia social, aumentando esta última aplicación orzamentaria a 25000 euros, engadindo o sr. alcalde que, si esta partida é necesario suplementala, farase, porque ningunha familia, cos correspondentes informes dos servizos sociais, deixará de pagar os gastos relativos ás necesidades básicas como o aluguer ou recibos de luz e auga.

En canto ao capítulo VI, investimentos, manifesta que supón o 23,59 % do orzamento de gastos, cunha previsión de 1821000 euros. Explica que inclúe dous plans provinciais, o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (POS) e o Plan de Acción Social (PAS) destinados a infraestruturas viarias xa que A Laracha ten 311 núcleos de poboación e pretenden darlle a todos os veciños as mellores condicións de vida de xeito que ata o núcleo máis alonxado da Casa Consistorial teña boas vías de comunicación e hai 600 quilómetros. Engade o sr. alcalde que plantexará á Deputación a necesidade de facer un esforzo neste mandato e acometer a mellora da DP 1913 entre Laracha e a canteira de Soandres porque aumentou moito o tráfico de cara á A6, ao aeroporto e A Coruña.

En relación co urbanismo fai alusión o sr. alcalde ao Plan Especial de Equipamentos Educativos sinalando que o que procede agora é a adquisición de terreos e a continuación ir acometendo as obras de urbanización, previndo un gasto de 340000 euros para a adquisición de terreos e nunha seguinte fase enlazar a 1ª travesía de López Astray co cruce da rúa Manuel

Fraga Iribarne, a construción de instalacións deportivas ao aire libre no IES e adquisición de terreos para a obra na estrada da Escola de Areosa ao Pereiro.

Explica tamén o sr. alcalde que se acometerán obras na praza do concello e na de Eduardo Vila Fano para o que se conta cun convenio nominativo coa Deputación e, en relación co patrimonio histórico preveuse a compra de terreo para o menhir de Erboedo e o castro de Montesclaros, preguntando que outro concello fai esta aposta por protexer e conservar o seu patrimonio histórico, xa que son 87000 euros, explicando que trala adquisición dos terreos procederán a posta en valor deses elementos históricos mediante un convenio coa Xunta e a Universidade, de xeito que non só falan de estradas.

Continúa o sr. alcalde referíndose ás instalacións deportivas cunha previsión de melloras na piscina e pavillóns de 50000 euros, e deixando unha partida aberta de 25000 euros en centros escolares para cubrir posibles convenios de colaboración coa Xunta para a súa mellora.

Sinala tamén o sr. alcalde que nestes momentos tamén están a traballar: nun programa de Fondos Europeos para o aforro enerxético que permite implicarse coas empresas prestadoras do servizo ou ben facer o investimento con eses fondos e aforrar directamente e antes, e en materia de comercio sinala que colabórase coa asociación local mediante unha axuda directa e colaborando na súa programación (Feira de Oportunidades, campaña de Nadal) e co establecemento da zona azul, anunciando que se teñen novas iniciativas o concello estará aí co seu respaldo porque o comercio local beneficia a todos os veciños.

En relación coa materia de emprego o sr. alcalde explica que o concello non pode ir a un plan de emprego porque existen limitacións competencias pero o que si pode é acollerse ás distintas convocatorias que van xurdindo como o obradoiro de emprego para xoves de 18 a 25 anos que está en funcionamento e sinala que se solicitarán todas as convocatorias que xa saíron: plan integrado de emprego, a de beneficiarios de RISGA, dúas modalidades de Obradoiros de Emprego, orientador laboral, unha aplicación informática para xestionar a oferta e demanda de emprego ou os cursos de formación AFD, que noutros anos tivo bos

resultados de inserción laboral, sobre todo o socio-sanitario.

Explica o sr. alcalde finalmente en canto aos investimentos que tamén se contará co Fondo de Compensación Ambiental da Consellería de Presidencia, cun novo PEIM da Consellería de Medio Rural, cun investimento da Deputación de 305000 euros na travesía de Xermaña no Plan de Travesías e 311000 euros no novo PAI 2016, sen prexuízo doutros programas de investimento da Deputación nas áreas de cultura, deportes e promoción económica.

Remata a súa intervención o sr. alcalde referíndose aos servizos sociais, afirmando que representan un pilar importantísimo no orzamento con máis de 800000 euros, explicando que nos últimos anos melloraron moito as instalacións coa Escola Infantil e o Centro de Día dos que o concello asume un terzo dos gastos, destacando o labor do Centro de Información á Muller e concluíndo que poden sentirse orgullosos e ledos pola situación económica do concello.

O sr. Verdía García refírese en primeiro lugar ao recoñecemento extraxudicial de 637000 euros que representan o 17% do capítulo II e, en relación ao aforro enerxético pregúntase onde está cando aumenta o gasto en 200000 euros.

Continúa o sr. Verdía García falando da emerxencia social, achacando ao sr. alcalde que tivo aí o PAS 2015 e dedicouno coma sempre a estradas. Achaca tamén ao goberno a ausencia de política industrial para o que poderían tentar captar empresas estranxeiras a través das embaixadas, porque hai máis de 10000 habitantes con necesidades, hai empresas e hai autónomos.

En relación cos investimentos afirma que hai que concentrar as instalacións, preguntándose canto custan dez pavillóns.

O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que “alucina coa súa exposición” que non dá crédito, porque as novas instalacións efectivamente haberá que ver onde se poñen pero que as

existentes non as van tirar. O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que hai que coñecer o concello. En relación co Polígono, pregúntalle que quere dicir co das embaixadas e engade que as medidas do concello para asentar empresas están adoptadas, que é establecer a máxima bonificación, e a partir de aí pelexar coas entidades que xestionan o polígono para que baixen o prezo das parcelas, e para iso tivo varias reunións coa SEA e co SEPES en Madrid e na Xunta, xa que a Xunta adoptou abaratar os solos empresariais de XESTUR nun 50% ou ben constituír dereitos reais de superficie, mentres que aquí logrouse un abaratamento do 25% e tamén proponse a posibilidade do dereito real de superficie. Engade o sr. alcalde que están en reunións con empresas importantes pero depende delas e que queren o primeiro estabilidade política, polo que haberá que ver se todos están á altura das circunstancias, preguntando finalmente ao sr. Verdía García que é o que fan nos concellos nos que gobernan.

O sr. Verdía García contesta que ten de exemplo Cerceda e As Pontes.

O sr. alcalde rebate que Cerceda e As Pontes beneficiáanse de axudas directas do Plan Miner con axudas do Ministerio e da Xunta, e axudas directas ás empresas para asentarse nesas zonas, mentres que os demais concellos reciben algunha axuda do Plan Miner pero non directamente para a actividade industrial.

En relación co paro xuvenil o sr. alcalde convida ao sr. Verdía García a ler a *Ley de Bases del Régimen Local* e ver cales son as competencias municipais, engadindo que o concello acóllese a todo tipo de convocatorias e cursos e que xa falou dos Obradoiros, dos cursos AFD, etc...pero insiste en que non hai máis competencias, e que o seu goberno non fai nada en contra dos informes de intervención e xurídicos.

O sr. Verdía García amósalle un Plan feito en Arteixo con Fondos Europeos, fondos FEDER, para concellos de máis de 5000 habitantes.

O sr. alcalde insiste en que a cantas iniciativas haxa non teñan dúbida de que o goberno municipal apoiará.

O sr. Sande Muñíz, di que levan catro anos insistindo en darlle utilidade aos terreos municipais para facer un viveiro de empresas, ao que o sr. alcalde contesta que xa presentaron a súa intención de ceder terreos para viveiro de empresas, construindo naves repartidas en pequenas dependencias para que pequenos emprendedores comecen a súa actividade e xa o comentaron aquí no Pleno, pero o concello non ten capacidade para investir tres ou catro millóns de euros. Engade que hai un viveiro de empresas comarcal en Bertoa que oferta a Cámara de Comercio, pero pregúntase se está a funcionar.

O sr. Sande Muñíz achácalle ao sr. alcalde que fala da normativa que non permite incorporar máis persoal, estando no caso da policía moi por debaixo da ratio recomendada, máis nas dedicacións exclusivas está ao límite. Recrimínalle ao sr. alcalde que a normativa é do Partido Popular, do seu partido, que non permite contratar porque pretende externalizar para beneficiar ás grandes empresas. Refírese tamén o sr. Sande que o alcalde falou de solicitar á Deputación un investimento para a mellora da estrada provincial que vai a Soandres, sendo a última que se fixo no goberno anterior ao PP na Deputación, igual que a da Silva, amosando a súa lelicia de que vaian solicitar a ampliación, quedando claro que aos veciños da Laracha convenlles que non governe o PP na Deputación pois vaise recibir case un millón de euros entre o POS, o PAS e as dúas prazas, acordándolle agora ao goberno municipal solicitar á Deputación a ampliación da estrada, agora que non goberna o PP na Deputación.

O sr. alcalde di que hai normativa que nos regula coa que podemos estar a favor ou en contra, explicando que a *Ley de Bases del Régimen Local* regula o persoal de gabinete por poboación e establece un límite de salario, e este concello cumpre esa normativa. Remata dicindo que ese persoal fai un traballo impresionante e imprescindible tratando temas non só de labor política senón tamén de servizo directo aos cidadáns e, en canto aos concelleiros con dedicación exclusiva di que os veciños valoran nas urnas favorablemente o traballo deste goberno.

Visto o informe da interventora accidental, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, *por doce (12) votos a favor correspondentes aos*

concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) en contra dos correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aproba-lo límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello da Laracha para o exercicio 2016 por un importe de 6.424.900,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal Único para o exercicio económico 2016, xunto coas súas Bases de Execución e demais documentos obrantes no expediente co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.774.005,75
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.768.291,43
3	Gastos financeiros	-----
4	Transferencias correntes	356.900,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.821.227,49
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL GASTOS		7720424,67

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	2.282.000,00
2	Impostos indirectos	75.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.460.550,00
4	Transferencias correntes	3.215.020,64
5	Ingresos patrimoniais	10.500,00
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	858.270,11
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL INGRESOS		7901340,75

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Expoñer ao público o Orzamento Municipal para o ano 2016, Bases de Execución e Cadro de Persoal aprobados e o límite de gasto non financeiro, polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Remata o sr. alcalde desexando feliz ano 2016 a toda a Corporación, ao público e prensa asistente á sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e prace

O alcalde

José Manuel López Varela

O secretario

Miguel Iglesias Martínez

CONCELLO DA LARACHA

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 30 DE DECEMBRO
DO ANO DOUS MIL QUINCE**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e trinta e seis minutos do d3a 30 de decembro do ano dous mil quince, baixo a Presidencia do sr. alcalde, Jos3 Manuel L3pez Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, re3nese o Pleno da Corporaci3n para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n extraordinaria convocada para este d3a.

PRESIDENTE

JOS3 MANUEL L3PEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo pol3tico municipal P.P.

JOS3 RAM3N MART3NEZ BARBEITO

JES3S SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOS3 ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MAR3A DEL ROC3O L3PEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOL3N

ANA BEL3N RODR3GUEZ VILAS

Grupo pol3tico municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MU3NIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora accidental da Corporación, Sonia Corral Corral.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando *aprobada* por *unanimidade dos membros presentes*.

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2015.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de

Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2015, na que se deu conta do expediente formado e do Informe de Intervención en relación co asunto do epígrafe.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que o orzamento supón un 12% máis que o ano anterior, maioritariamente en servizos e mantementos e así, en bens correntes 3 millóns setecentos mil euros, en persoal 1 millón setecentos mil euros e investimentos 1 millón oitocentos mil euros, pero non incrementan as becas que seguen a ser 55000 euros que lle parecen un pouco irrisorias, sen aumentar noutras cousas que lle importan á xente, motivos polos que votará en contra.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, procede a analizar os ingresos sinalando que aumentan lixeiramente polo IBI urbano en 190000 euros, motivado polas revisións catastrais, e continúa referíndose ás transferencias correntes que ao seu parecer amosan un ano máis a dependencia do concello doutras administracións, xa que supoñen un 39,55% dos ingresos, deducindo o sr. Verdía García que as previsións de ingresos son exactamente iso, previsións, polo que se non se materializan haberá que reducir os gastos.

En relación aos gastos o sr. Verdía García refírese en primeiro lugar aos gastos en enerxía eléctrica que soben a 414000 euros, preguntando o motivo dese aumento tan importante. Continúa referíndose aos gastos extraxudiciais que supoñen un 17% do capítulo II, motivados polas contratacións menores de obras, facturas pendentes de rexistrar, aumentando 200000 euros respecto do ano anterior, o que lle semella alarmante.

Remata o sr. Verdía García referíndose ao capítulo VI relativo aos investimentos reais aos que se dedican 1800000 euros, dos que 900000 se destinan a melloras de capa de rodadura e prazas, deixando de lado políticas industriais e comerciais, do mesmo xeito que xa fixeron en 2015, cando o orzamento, ao seu xuízo debería ser para as persoas e non para as estradas, motivos todos eles que farán que o seu grupo político municipal vote en contra.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, sinala que o orzamento debe definirse como continuísta no peor sentido da palabra, carente de iniciativas que veñen agardando para dinamizar o comercio, o sector industrial, etc..., como o viveiro de empresas, para que o Parque Empresarial non sexa un campo de toxos ou campo da festa. Continúa dicindo que neste mandato creouse unha concellería de promoción económica pero non se contempla dotación orzamentaria para darlle contido.

En relación cos gastos correntes critica que a cantidade destinada a gastos extraxudiciais é demasiado elevada, o que debería impedir ao goberno municipal presumir de bos xestores.

No que se refire aos investimentos manifesta que haberá que agardar a ver cantos executan en realidade como sucedeu neste 2015.

Avanza o sr. Sande Muñiz que o seu grupo político municipal votará en contra porque non dá impulso á vida económica do concello, porque mantén o maior número de dedicacións exclusivas da Costa da Morte que inclúe unha persoa con soldo ao servizo do grupo de goberno que desenvolve funcións que debería desenvolver o persoal do concello.

En relación cos ingresos ao sr. Sande parécelle pouco crible a recadación do IBI, concluíndo que aínda que poderían subir os ingresos polo aumento das aportacións doutras Administracións Públicas non cre que sexa polo IBI.

O sr. alcalde manifesta en primeiro lugar o seu agradecemento e felicitación ao persoal encargado da elaboración do expediente, especialmente á interventora accidental, Sonia Corral.

O sr. alcalde comeza a explicación do orzamento dicindo que é un momento histórico ao traer ao Pleno o orzamento máis alto e con débeda cero, polo que é un orgullo. Manifesta a continuación que o aumento de previsión non é por unha revisión do IBI senón por altas novas no padrón do imposto. Continúa sinalando en relación cos tributos que o IBI que fixa o

concello da Laracha é o mínimo que marca a Lei estatal, mantendo a súa liña de non cargar aos veciños con máis tributos.

Continúa o sr. alcalde explicando o desequilibrio entre ingresos e gastos, motivado polo teito de gasto, que non permite gastar todo o que se prevé ingresar.

Explica o sr. alcalde en relación co capítulo I de gastos, que supón o 23,27% do orzamento de gastos e, que se a normativa vixente permitira máis persoal, incorporaríase, pero non é posible, así que prevén o pago do 50% da paga extraordinaria de 2012 que resta por pagar ao persoal, incorporar dúas persoas nun proxecto de adaptación á administración electrónica e a incorporación de tres auxiliares da policía local para un período de 6 meses, que é o máximo legal e o que se fixo neste ano, explicando que prevían aumentar policía para ir aproximándose á ratio de policía locais por habitante recomendada, pero non é posible legalmente máis que a reposición dun efectivo que deixou o servizo activo. Remata o sr. alcalde en relación con este capítulo de gastos dicindo que o concello da Laracha ten a ratio de persoal por habitante máis baixa dos concellos de máis de 10000 habitantes, aínda que é certo que determinados servizos están externalizados.

En relación co capítulo II de gastos correntes, manifesta que supón o 49,98% do orzamento de gastos, sinalando que ten, certamente, moito peso no orzamento, lembrando que moitos investimentos convértese en mantementos do capítulo II nos exercizos seguintes, así como tamén inclúe gastos por 161000 euros en infraestruturas e bens naturais que inclúe os desbroces das beiravías, indicando que se limparon 550 quilómetros en 2015.

En canto ao aumento de gasto en enerxía eléctrica explica o sr. alcalde que son varias partidas de consumo de enerxía as que inclúe, tanto de alumeadado público como de edificios e instalacións, mesmo culturais e deportivas, como a piscina, os campos de fútbol, polideportivos e pistas de pádel, polo que agarda obter axudas para levar a cabo investimentos de aforro enerxético mediante a instalación de caldeiras de biomasa para o que xa están redactados os proxectos técnicos.

En relación aos gastos extraxudiciais explica o sr. alcalde que a maioría son facturas de final de exercicio que entrarían con cargo ao exercicio actual si as presentaran no rexistro de facturas no día de hoxe, pois do contrario, ao presentalas no mes de xaneiro teñen que ir a extraxudicial, polo que non ten nada que ver con que non haxa crédito.

Polo que se refire as obras non executadas no 2015, sinala o sr. alcalde que unicamente quedou sen contratar a estrada de Areosa a O Pazo, que estaba contemplada no capítulo VI, porque ía con cargo ao remanente e non ía ser posible rematala antes de final de ano.

Continúa o sr. alcalde explicando que o capítulo II de gastos inclúe apartados moi importantes como:

- o tratamento de residuos sólidos, que inclúe o punto limpo, a limpeza viaria e a recollida, tratamento e transporte de residuos, manifestando que está a funcionar ben o punto limpo e a recollida selectiva, grazas tanto aos veciños que colaboran como á empresa que xestiona o servizo, ASPABER.
- Estudos e traballos técnicos aos que se destinan 463000 euros incluíndo gastos de funcionamento e conservación en todo o concello, como zonas verdes, sen que estean incluídos no contrato 40000 m² en Caión, 90000 m² no Parque Empresarial ou a zona verde de Lemaio recentemente rematada, e mesmo o servizo de axuda no fogar.

Anuncia tamén o sr. alcalde que neste exercicio 2016 deben licitarse o contrato de abastecemento e saneamento de auga, o alumeado público e a recollida de residuos sólidos urbanos, con repercusión neste capítulo.

Remata a explicación do capítulo II de gastos indicando que aumenta un 9,96 % respecto do ano anterior.

En relación co capítulo III de gastos, explica que a previsión é débeda cero e xuros cero, sinalando que a media do período de pago a provedores está en 8, 10 ou 12 días, moi lonxe do límite legal.

En relación ao capítulo IV de gastos indica o sr. alcalde que faise un esforzo importante dentro do apartado de apoio ao asociacionismo, entidades deportivas, culturais, becas e festas patronais, sinalando en canto ao manifestado polo grupo político municipal Mixto, que 55000 euros en becas está moi lonxe de concellos con dúas ou tres veces máis poboación. En relación coas axudas a festas, explica que ademais das axudas a comisións de festas vanse impulsar as festas declaradas de interese turístico, os Miragres de Caión e as Cereixas de Paiosaco. Remata o sr. alcalde explicando que neste capítulo inclúese a aportación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que baixa uns 35000 euros, a subvención á Fundación Amigos de Galicia en atención á cantidade de alimentos que están a repartir neste concello, a axuda a Confraría de Pescadores de Caión para o funcionamento do arquivo da pesca de Caión e os gastos de emerxencia social, aumentando esta última aplicación orzamentaria a 25000 euros, engadindo o sr. alcalde que, si esta partida é necesario suplementala, farase, porque ningunha familia, cos correspondentes informes dos servizos sociais, deixará de pagar os gastos relativos ás necesidades básicas como o aluguer ou recibos de luz e auga.

En canto ao capítulo VI, investimentos, manifesta que supón o 23,59 % do orzamento de gastos, cunha previsión de 1821000 euros. Explica que inclúe dous plans provinciais, o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (POS) e o Plan de Acción Social (PAS) destinados a infraestruturas viarias xa que A Laracha ten 311 núcleos de poboación e pretenden darlle a todos os veciños as mellores condicións de vida de xeito que ata o núcleo máis alonxado da Casa Consistorial teña boas vías de comunicación e hai 600 quilómetros. Engade o sr. alcalde que plantexará á Deputación a necesidade de facer un esforzo neste mandato e acometer a mellora da DP 1913 entre Laracha e a canteira de Soandres porque aumentou moito o tráfico de cara á A6, ao aeroporto e A Coruña.

En relación co urbanismo fai alusión o sr. alcalde ao Plan Especial de Equipamentos Educativos sinalando que o que procede agora é a adquisición de terreos e a continuación ir acometendo as obras de urbanización, previndo un gasto de 340000 euros para a adquisición de terreos e nunha seguinte fase enlazar a 1ª travesía de López Astray co cruce da rúa Manuel

Fraga Iribarne, a construción de instalacións deportivas ao aire libre no IES e adquisición de terreos para a obra na estrada da Escola de Areosa ao Pereiro.

Explica tamén o sr. alcalde que se acometerán obras na praza do concello e na de Eduardo Vila Fano para o que se conta cun convenio nominativo coa Deputación e, en relación co patrimonio histórico preveuse a compra de terreo para o menhir de Erboedo e o castro de Montesclaros, preguntando que outro concello fai esta aposta por protexer e conservar o seu patrimonio histórico, xa que son 87000 euros, explicando que trala adquisición dos terreos procederán a posta en valor deses elementos históricos mediante un convenio coa Xunta e a Universidade, de xeito que non só falan de estradas.

Continúa o sr. alcalde referíndose ás instalacións deportivas cunha previsión de melloras na piscina e pavillóns de 50000 euros, e deixando unha partida aberta de 25000 euros en centros escolares para cubrir posibles convenios de colaboración coa Xunta para a súa mellora.

Sinala tamén o sr. alcalde que nestes momentos tamén están a traballar: nun programa de Fondos Europeos para o aforro enerxético que permite implicarse coas empresas prestadoras do servizo ou ben facer o investimento con eses fondos e aforrar directamente e antes, e en materia de comercio sinala que colabórase coa asociación local mediante unha axuda directa e colaborando na súa programación (Feira de Oportunidades, campaña de Nadal) e co establecemento da zona azul, anunciando que se teñen novas iniciativas o concello estará aí co seu respaldo porque o comercio local beneficia a todos os veciños.

En relación coa materia de emprego o sr. alcalde explica que o concello non pode ir a un plan de emprego porque existen limitacións competencias pero o que si pode é acollerse ás distintas convocatorias que van xurdindo como o obradoiro de emprego para xoves de 18 a 25 anos que está en funcionamento e sinala que se solicitarán todas as convocatorias que xa saíron: plan integrado de emprego, a de beneficiarios de RISGA, dúas modalidades de Obradoiros de Emprego, orientador laboral, unha aplicación informática para xestionar a oferta e demanda de emprego ou os cursos de formación AFD, que noutros anos tivo bos

resultados de inserción laboral, sobre todo o socio-sanitario.

Explica o sr. alcalde finalmente en canto aos investimentos que tamén se contará co Fondo de Compensación Ambiental da Consellería de Presidencia, cun novo PEIM da Consellería de Medio Rural, cun investimento da Deputación de 305000 euros na travesía de Xermaña no Plan de Travesías e 311000 euros no novo PAI 2016, sen prexuízo doutros programas de investimento da Deputación nas áreas de cultura, deportes e promoción económica.

Remata a súa intervención o sr. alcalde referíndose aos servizos sociais, afirmando que representan un pilar importantísimo no orzamento con máis de 800000 euros, explicando que nos últimos anos melloraron moito as instalacións coa Escola Infantil e o Centro de Día dos que o concello asume un terzo dos gastos, destacando o labor do Centro de Información á Muller e concluíndo que poden sentirse orgullosos e ledos pola situación económica do concello.

O sr. Verdía García refírese en primeiro lugar ao recoñecemento extraxudicial de 637000 euros que representan o 17% do capítulo II e, en relación ao aforro enerxético pregúntase onde está cando aumenta o gasto en 200000 euros.

Continúa o sr. Verdía García falando da emerxencia social, achacando ao sr. alcalde que tivo aí o PAS 2015 e dedicouno coma sempre a estradas. Achaca tamén ao goberno a ausencia de política industrial para o que poderían tentar captar empresas estranxeiras a través das embaixadas, porque hai máis de 10000 habitantes con necesidades, hai empresas e hai autónomos.

En relación cos investimentos afirma que hai que concentrar as instalacións, preguntándose canto custan dez pavillóns.

O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que “alucina coa súa exposición” que non dá crédito, porque as novas instalacións efectivamente haberá que ver onde se poñen pero que as

existentes non as van tirar. O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que hai que coñecer o concello. En relación co Polígono, pregúntalle que quere dicir co das embaixadas e engade que as medidas do concello para asentar empresas están adoptadas, que é establecer a máxima bonificación, e a partir de aí pelexar coas entidades que xestionan o polígono para que baixen o prezo das parcelas, e para iso tivo varias reunións coa SEA e co SEPES en Madrid e na Xunta, xa que a Xunta adoptou abaratar os solos empresariais de XESTUR nun 50% ou ben constituír dereitos reais de superficie, mentres que aquí logrouse un abaratamento do 25% e tamén proponse a posibilidade do dereito real de superficie. Engade o sr. alcalde que están en reunións con empresas importantes pero depende delas e que queren o primeiro estabilidade política, polo que haberá que ver se todos están á altura das circunstancias, preguntando finalmente ao sr. Verdía García que é o que fan nos concellos nos que gobernan.

O sr. Verdía García contesta que ten de exemplo Cerceda e As Pontes.

O sr. alcalde rebate que Cerceda e As Pontes beneficiáanse de axudas directas do Plan Miner con axudas do Ministerio e da Xunta, e axudas directas ás empresas para asentarse nesas zonas, mentres que os demais concellos reciben algunha axuda do Plan Miner pero non directamente para a actividade industrial.

En relación co paro xuvenil o sr. alcalde convida ao sr. Verdía García a ler a *Ley de Bases del Régimen Local* e ver cales son as competencias municipais, engadindo que o concello acóllese a todo tipo de convocatorias e cursos e que xa falou dos Obradoiros, dos cursos AFD, etc...pero insiste en que non hai máis competencias, e que o seu goberno non fai nada en contra dos informes de intervención e xurídicos.

O sr. Verdía García amósalle un Plan feito en Arteixo con Fondos Europeos, fondos FEDER, para concellos de máis de 5000 habitantes.

O sr. alcalde insiste en que a cantas iniciativas haxa non teñan dúbida de que o goberno municipal apoiará.

O sr. Sande Muñíz, di que levan catro anos insistindo en darlle utilidade aos terreos municipais para facer un viveiro de empresas, ao que o sr. alcalde contesta que xa presentaron a súa intención de ceder terreos para viveiro de empresas, construindo naves repartidas en pequenas dependencias para que pequenos emprendedores comecen a súa actividade e xa o comentaron aquí no Pleno, pero o concello non ten capacidade para investir tres ou catro millóns de euros. Engade que hai un viveiro de empresas comarcal en Bertoa que oferta a Cámara de Comercio, pero pregúntase se está a funcionar.

O sr. Sande Muñíz achácalle ao sr. alcalde que fala da normativa que non permite incorporar máis persoal, estando no caso da policía moi por debaixo da ratio recomendada, máis nas dedicacións exclusivas está ao límite. Recrimínalle ao sr. alcalde que a normativa é do Partido Popular, do seu partido, que non permite contratar porque pretende externalizar para beneficiar ás grandes empresas. Refírese tamén o sr. Sande que o alcalde falou de solicitar á Deputación un investimento para a mellora da estrada provincial que vai a Soandres, sendo a última que se fixo no goberno anterior ao PP na Deputación, igual que a da Silva, amosando a súa lelicia de que vaian solicitar a ampliación, quedando claro que aos veciños da Laracha convenlles que non governe o PP na Deputación pois vaise recibir case un millón de euros entre o POS, o PAS e as dúas prazas, acordándolle agora ao goberno municipal solicitar á Deputación a ampliación da estrada, agora que non goberna o PP na Deputación.

O sr. alcalde di que hai normativa que nos regula coa que podemos estar a favor ou en contra, explicando que a *Ley de Bases del Régimen Local* regula o persoal de gabinete por poboación e establece un límite de salario, e este concello cumpre esa normativa. Remata dicindo que ese persoal fai un traballo impresionante e imprescindible tratando temas non só de labor política senón tamén de servizo directo aos cidadáns e, en canto aos concelleiros con dedicación exclusiva di que os veciños valoran nas urnas favorablemente o traballo deste goberno.

Visto o informe da interventora accidental, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, *por doce (12) votos a favor correspondentes aos*

concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) en contra dos correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aproba-lo límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello da Laracha para o exercicio 2016 por un importe de 6.424.900,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal Único para o exercicio económico 2016, xunto coas súas Bases de Execución e demais documentos obrantes no expediente co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.774.005,75
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.768.291,43
3	Gastos financeiros	-----
4	Transferencias correntes	356.900,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.821.227,49
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL GASTOS		7720424,67

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	2.282.000,00
2	Impostos indirectos	75.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.460.550,00
4	Transferencias correntes	3.215.020,64
5	Ingresos patrimoniais	10.500,00
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	858.270,11
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL INGRESOS		7901340,75

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Expoñer ao público o Orzamento Municipal para o ano 2016, Bases de Execución e Cadro de Persoal aprobados e o límite de gasto non financeiro, polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Remata o sr. alcalde desexando feliz ano 2016 a toda a Corporación, ao público e prensa asistente á sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e prace

O alcalde

José Manuel López Varela

O secretario

Miguel Iglesias Martínez